



SOCIEDADE MICOLÓXICA



II CONGRESO LUCUS DE ASOCIACIONES MICOLÓXICAS

O OBXECTIVO do Congreso e continuar na liña de favorecer a comunicación entre as Asociacións Micolóxicas Galegas, debater con tempo sobre os problemas habituais e expor solución aos mesmos, intercambiar coñecementos e ideas mediante relatorios, e todo e iso nun espazo privilexiado: O Centro de Interpretación da Casa das Insuas e seu contorno situado na reserva da Biosfera Terras do Miño no concello de Rábade (Lugo).

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Centro de Conservación e Estudo da Natureza Casa das Insuas. R/ José Pardo y Pardo Montenegro, nº 27. Rábade (LUGO). www.casadasinsuas.org

PROGRAMA

Día 5 de maio, sábado

- 10'45: Inauguración do congreso
- 11'30: Mesa de debate: “Os resultados do I Congreso de Asociacións: posición consecuente das Asociación e da Federación Galega de Micología”.
Recompilación de conclusións e resultados das consultas xurdidas do I Congreso de Asociacións. Definición de posicións da Federación e debate aberto.
- 13'00: Relatorio:
 - “O xénero *Cantharellus* en Galicia: estado de coñecemento actual”. *Jaime B. Blanco Díos (Asociación Micolóxica “Brincabois” de Pontevedra)*
- 16'30: Relatorios:
 - “Ascomycetes curiosos”. *J.M. Castro Marcote (Asociación Micolóxica “Pan de raposo” de Cee)*.
 - “Olores dos cogomelos”. *Antonio Angel Alonso Sandoval (Expresidente da Sociedade Asturiana de Micología de Gijón e da Xuntanza de Micólogos “Os Cogordos” de Ourense)*
- 18'00: Paseo micolóxico polo entorno da Lagoa de Cospeito

Día 6 de maio, domingo

- 10'30 : Relatorios:
 - “Radioactividade nos fungos”. *Santiago de Castro Alfageme (expresidente de FAMCAL –Federación de Asociacións Micolóxicas de Castela-León)*
 - “*Amanita torrendii (Torrendia pulchella)*: unha curiosa especie en Galicia”. *Julián Alonso Díaz (Sociedade Micolóxica “Lucus” de Lugo)*
- 12'00 : Paseo micolóxico pola “Ruta das Insuas”
- 17'00: Clausura e despedida.

O CENTRO DE CONSERVACIÓN E ESTUDO DA NATUREZA (C.E.N.) CASA DAS INSUAS



O Centro de Conservación e Estudo da Natureza CASA DAS INSUAS é un centro de recursos autoxestionado por e para entidades e persoas con inqueda polo coñecemento e conservación do medio natural.

A Asociación Galega de Custodia do Territorio impulsou e xestiona a Casa das Insuas, na que tamén participan as asociacións naturalistas Numenius, Drosera, Saramaganta e a Sociedade Micolóxica Lucus.

A Casa das Insuas está ubicada a carón do río Miño, no edificio do concello vello de Rábade, grazas ao acordo acadado entre a AGCT e dito concello.

O enderezo é:

C.E.N. Casa das Insuas
R/ José Pardo y Pardo Montenegro, nº 27
27370 Rábade (LUGO).

O código QR da localización en google maps do CEN é o seguinte:



<http://maps.google.es/maps/ms?ie=UTF8&t=h&source=embed&oe=UTF8&msa=0&msid=213702361517463118879.00049f4a8a4a667417eed>

O centro conta cun auditorio de 80 prazas en cómodas butacas, que pode ser utilizado para conferencias, cursos, xornadas, etc. Dispón de megafonía, canón-proxector e pantalla desplegable.



O espazo interpretativo da Casa das Ínsuas está formado por tres salas contiguas. Estas salas conforman un espazo de máis de 100 m2 adicado tanto á exposición permanente do centro de interpretación como a exposicións temporais.



O Centro de Documentación reúne fondos bibliográficos relacionados co estudo e a conservación da natureza, depositados por diversas entidades e persoas a título individual. Os temas das publicacións son diversos: distintos grupos biolóxicos, metodoloxías de estudo, programas de conservación, desenvolvemento rural, xestión de ONG...



Nas proximidades da Casa das Insuas encóntrase o río Miño nun dos tramos que conforman a Reserva da Biosfera Terras de Miño e do LIC Parga-Ladra-Támoga na Red Natura 2000.



Vexetación de ribeira, prados, bosques de inundación, lagoas e insuas marcan este espazo polo que poden realizarse rutas de gran valor paisaxístico como a da lagoa de cospeito ou a ruta das insuas.